

ACREDITACIÓN COMPETENCIA DIXITAL ALUMNADO

NORMATIVA

Resolución do 28 de febreiro de 2024, pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de Galicia no curso 2023/24.

NIVEL QUE SE ACREDITA EN 4º ESO

En xeral hai 4 niveis de aptitude: Iniciación, Intermedio, Avanzado e Experto.

O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredite o nivel de **iniciación**.

O alumnado matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias do nivel **intermedio**.

CERTIFICACIÓN

O alumnado que titule ou que supere a proba específica recibirá a certificación ComDix de nivel iniciación ou de nivel intermedio, respectivamente.

VALIDEZ DA CERTIFICACIÓN

A acreditación do alumnado terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS PROBAS ESPECÍFICAS

Solicitarase a inscrición cubrindo o Anexo IV e entregándoo na Secretaría do centro antes das 14:00 horas do 11 de marzo.

REALIZACIÓN DAS PROBAS

A proba específica que acredita o nivel intermedio realizarase **durante o mes de maio**. As probas realizaranse nos centros docentes que impartan a etapa de educación secundaria obrigatoria con alumnado inscrito o día e no horario que se estableza segundo o número de alumnado interesado e a dispoñibilidade de equipos informáticos do centro.

INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS ESPECÍFICAS

A proba específica para acreditar o nivel intermedio axustarase ás cinco áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais. A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 90 minutos un total de 60 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía referidas a cada unha das cinco áreas de dominio (12 preguntas por cada área).

Para superar a proba específica de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

CALES SON AS 5 ÁREAS EN QUE SE DIVIDE O NIVEL INTERMEDIO?

- Información e datos.
- Comunicación e colaboración.
- Creación de contido dixital.
- Seguridade e privacidade.
- Contorna dixital e solución de problemas.